

**ACTA DA SESION ORDINARIA DA COMISION MUNICIPAL DE GOBERNO
CORRESPONDENTE O DIA 18 DE DECEMBRO DE 1995.-**

Na Casa do Iltmo. Concello de Ribadavia o día dezaoito de Decembro de mil novecentos noventa e cinco; ás sete do serán xúntanse os señores que de seguido se sinalan para celebraren a sesión ordinaria da Comisión Municipal de Goberno correspondente a esta data: Alcalde-Presidente, Don Jaime Dávila Sánchez.- Concelleiros: Don José Pérez Iglesias, Don Amando Martínez Deaño e Don Celso Sotelo Barroso.

Está presente o Secretario-Interventor accidental, Don Vicente Soto Rodríguez.

Aberta a sesión polo Sr. Alcalde pásase de seguido ó estudio dos asuntos que conforman a anunciada Orde do Día, que resultan se- los seguintes:

1.- ACTA ANTERIOR.-

A Comisión Municipal de Goberno, por unanimidade, aproba o borrador da Acta da sesión anterior, que foi celebrada o día 11 de Decembro pasado.

2.- OBRAS MAIORES.-

Non houbo.

3.- ESCRITOS DE SEÑORES CIUDADANS.-

Visto o escrito de Don José García Alvarez, veciño desta Vila, con domicilio na rúa Muñoz Calero, 33, no que prega se lle conceda a acometida de auga para uso doméstico nun galpón da súa propiedade sito na Estrada do Xestal, deste término, a Comisión Municipal de Goberno, por unanimidade, accede ó solicitado; a acometida levarase a cabo baixo a supervisión do Sr. Encargado do Servicio; o interesado fará aboamento en concepto de taxa da suma de 7.000 pesetas, sen o cal requisito esta autorización

ficará nula e sen efecto.

A Comisión Municipal de Goberno, por unanimidade e, en virtude do establecido no artigo 84 da Lei de Réxime Xurídico da Administración Pública e Réxime Xurídico do Procedemento Común Lei 30/1992, pon de manifesto a tódolos interesados nos expedientes das plantas de "aglomerado asfáltico" e "machaqueo e clasificación de áridos" a instalar no término "A Castiñeira" da Grova, en trámite de audiencia pública para que, no prazo de dez días aleguen e presenten tódolos documentos que estimen pertinentes.

4.- ESCRITOS OFICIAIS.-

A Comisión Municipal de Goberno, ten coñecemento dos seguintes:

Do Goberno Civil, interesando informe complementario do expte. 609/95.

Do Goberno Civil, interesando informe complementario do expte. 608/95.

5.- CUESTIONS ECONOMICAS.-

Habéndose detectado un erro nun acordo acadado por esta Comisión na súa sesión ordinaria celebrada o pasado 11 de decembro, no que se aprobaba a relación adicional do Imposto de Bens Inmóbles remitida pola Xerencia Territorial do Catastro por importe de 4.731.515 pesetas, pois ben, hoxe rectifícase ese erro que, consiste en que onde decía 4.731.515 pesetas, debería dicir 4.387.661 pesetas, que é o verdadeiro importe da relación.

A Comisión Municipal de Goberno, por unanimidade, aproba as seguintes Bases que rexerán para "SUBMINISTRACION DE MOBLAXE DA CASA DE CULTURA, 2ª FASE" por concurso e procedemento aberto en trámite de urxencia:

OBXECTO DA LICITACION.- E obxecto do contrato a subministración de moblaxe da Casa de Cultura, 2ª fase; os licitadores deberán comprobar por eles mesmos as necesidades da cada local da antedita Casa, existindo asímesmo, no Concello un programa das

devanditas necesidades sobre o moblaxe en cuestión. Poderanse, formular ofertas alternativas respecto do mobiliario a instalar, decidindo o Concello se acepta unha ou outra das propostas. Tamén se declara expresamente que poderá ficar sen adxudicación a presente convocatoria.

FINANCIACION DO SUBMINISTRO.- O subministro obxecto de contrato financiarase de acordo coa partida presupostaria 451/620009 no presuposto xeral en vigor.

TIPO DE LICITACION.- 3.500.000 (tres millóns e medio de pesetas), incluído IVE, podéndose mellora-la baixa.

PRAZO DE ADXUDICACION DA SUBMINISTRACION.- O subministro deberá realizarse no prazo máximo de quince días, contados dende o día seguinte á formalización do contrato de subministración.

FIANZAS.- A garantía provisional será de 70.000 pesetas, equivalente ó 2% da base da licitación e poderá constituírse en calquera das formas previstas no artigo 36 da L.C.A.P..

A garantía definitiva, será de 140.000 pesetas, equivalente ó 4% do presuposto do contrato, que poderá constituírse en calquera das formas previstas no artigo 37 da L.C.A.P.

EXPOSICION DO EXPEDIENTE.- Na Secretaría Xeral do Concello, tódolos días hábiles, de 9 a 14 horas, agás os sábados.

PRAZO E LUGAR DE PRESENTACION.- No rexistro xeral do Concello, sito na Praza Maior, de Ribadavia, no prazo de trece días naturais, contados a partir do da publicación do anuncio no Boletín Oficial da Provincia.

LICITADORES.- Poderán concorrer a este concurso as persoas naturais ou xurídicas españolas ou estranxeiras que teñan plena capacidade de obrar e, acrediten a súa solvencia económica, financeira e técnica, de acordo cos artigos 15 e seguintes da Lei e non estean afectados polas prohibicións de contratar previstas no artigo 20 da Lei de Contratos da Administración Pública.

LICITACION.- A subministración poderá contratarse mediante concurso (artigo 73, 86 b) e 181), en procedemento aberto (art. 74) en trámite de urxencia (artigo 72).

PROPOSICIONS.- A presentación das proposicións, presupón por

parte do contratista que acepta incondicionalmente o prego de condicións e a declaración responsable de que reúne tódolos requisitos para contratar co Concello de Ribadavia. Nas proposicións sinalaranse as referencias técnicas necesarias polos licitadores para coñecemento da administración do material que se oferta e deberá presentar mostra do material ofertado. Cada licitador poderá presentar máis dunha proposición.

DOCUMENTACION.- A documentación presentárase en dous sobres pechados, que terán que ser asinados polo licitador ou polo seu representante. En cada un, farase consta-lo seu número, a relación de documentos que contén, o nome do licitador e, a seguinte lenda: "Proposición para tomar parte na contratación da subministración : Moblaxe Casa de Cultura, 2ª fase".

Sobre núm 1.- DOCUMENTACION XERAL.

Incluirase neste sobre a seguinte documentación:

a).- Se o licitador fose persoa xurídica, copia da escritura de constitución ou modificación debidamente inscrita no rexistro mercantil e co cumprimento da obriga imposta no artigo 3.1 da Lei 19/1989, do 25 de Xuño.- Se o licitador fose persoa física, copia do DNI, debidamente autenticada mediante compulsa. Os que comparezan ou asinen proposicións no nome ou representación doutros tanto se son persoas físicas como xurídicas, presentarán poder declarado bastante por letrado ou pola Secretaría Xeral do Concello.

b).- Declaración xurada de non estar incurso o licitador en ningunha causa de incapacidade ou incompatibilidade do artigo 20 da Lei de Contratos da Administración Pública.

c).- Resgardo acreditativo de constitución de fianza provisional por importe de 70.000 pesetas.

d).- Declaración xurada de estar ó día nas obrigas tributarias da Seguridade Social e coa Facenda Local. O adxudicatario definitivo presentará certificados orixinais.

e).- As sociedades deberán acreditar mediante certificación expedida por persoa competente, que non forma parte dos seus órganos de goberno ou administración, ningunha persoa á que se refire a Lei 25/1983, de incompatibilidades de altos cargos.

f).- Copia do recibo do IAE, no epígrafe que o faculte para contratar. O adxudicatario definitivo acreditará antes da sinatura do contrato que figura en alta no correspondente matrícula.

Sobre núm 2.- PROPOSICION ECONOMICA.-

Presentarase escrita a máquina ou letra maiúscula, sen que se acepten aquelas que presenten raspaduras ou conteñan omisións. A proposición axustarase ó modelo seguinte: A proposición

axustarase ó seguinte modelo: Don/a.... con domicilio ..., D.N.I. núm..., expedido o..., en nome propio (ou en representación de... segundo acredita con...), informado/a do expediente e condicións para contrata-la subministración de "Moblaxe Casa de Cultura de Ribadavia, 2ª fase", comprometéndose á súa subministración coa baixa que se sinala:

Subministración: denominación..., descripción pormenorizada do material ofertado, tipo de licitación..., baixa que se ofrece... %, lugar, data e sinatura.

APERTURA DE PLICAS.- Celebrase na Casa do Concello ás doce hora do día seguinte hábil a aquel no que remate o prazo de presentación, formulándose a oportuna proposta de adxudicación previos os informes que en cada caso se estimen oportunos.

ADXUDICACION.- Será realizada polo órgano competente no prazo de cinco días contados a partir da apertura de plicas, de acordo cos artigos 87 e 89 da Lei, a prol da proposición máis avansada, tendo en conta os seguintes criterios: menor prezo ofertado, mellor calidade dos bens subministrados, menor prazo na entrega do subministro e mellora das condicións ornamentarias e funcionais.

ABOAMENTOS.- Os aboamentos realízanse trala entrega da subministración, e formularización da acta oportuna, de conformidade co disposto nos artigos 100 e 187 da Lei.

GASTOS.- O contratista queda obrigado a satisfacer-lo importe dos anuncios e de todos cantos outros gastos se orixinen con motivo dos trámites preparativos e de formalización do contrato.

EXPOSICION O PUBLICO DESTES PREGOS.- Durante os catro primeiros días hábiles a partir da publicación deste pregos e anuncios de concurso no Boletín Oficial da Provincia, poden examinarse os mesmos na Secretaría do Concello e, formula-las reclamacións ou alegacións que se estimen oportunas.

NORMATIVA APLICABLE.- No non previsto neste prego, estarase ó disposto na Lei de Contratos da Administración Pública do 18 de Maio de 1995.

6.- ROGOS E PREGUNTAS QUE SE FORMULEN REGULAMENTARIAMENTE.-

Non houbo.

E sendo as sete e media do serán, o Sr. Alcalde, ergueu a sesión, estendéndose a presente, do cal, coma Secretario accidental, certifico.-